



SISTEMA CÓNICO. PERSPECTIVA CÓNICA I

Exercicios autoavaliabes


1. Debuxa a perspectiva cónica frontal da figura dada. Escala de realización 2:1.



2. Debuxa a perspectiva cónica oblicua da figura dada. Escala de realización 2:1.




3. Realiza a perspectiva cónica oblicua da figura representada mediante a súa planta e alzado. Escala das vistas diédricas 1/200. Escala de realización da perspectiva 1/100.




Solucións

1. Debuxa a perspectiva cónica frontal da figura dada. Escala de realización 2:1.





Na planta do obxecto calcúlanse sobre PC a posición de P (perpendicular desde V) e dos puntos métricos: arco até cortar ao PC facendo centro en P abrindo até V . Multiplícanse as medidas das vistas diédricas por 2 para pasalas á perspectiva. Trázanse dúas rectas horizontais paralelas, LH e LT , separándoas unha distancia igual á altura de V . Sitúase P sobre LH e márcase a posición dos puntos métricos D e D' . Sitúase P_1 na mesma perpendicular de P sobre LT e márcase a posición de A e B (segmento da planta en contacto con PC). Debúxase a planta en perspectiva fúgando liñas a P . Unindo A con D' determínase a posición do vértice posterior correspondente á horizontal que sae de B . Trázanse verticais, lévanse alturas sobre verticais de A e B , fúgase e remátase o volume.

2. Debuxa a perspectiva cónica oblicua da figura dada. Escala de realización 2:1.



Na planta do obxecto calcúlanse sobre PC a posición de P (perpendicular desde V), dos puntos de fuga e puntos métricos: paralelas desde V ás dúas direccións principais e arcos con centro nos puntos de fuga abrindo o compás até V. Multiplícanse as medidas das vistas por 2 para pasalas á perspectiva. Trázanse dúas rectas horizontais paralelas, LH e LT, separándoas unha distancia igual á altura de V. Sitúase o punto P sobre LH e márcase a posición dos puntos de fuga e métricos: F, F', M e M'. Sitúase P₁ na mesma perpendicular de P sobre LT e márcase a posición de A (vértice da planta en contacto co PC). Debúxase a planta en perspectiva fugando liñas a F e F'. Unindo D con M e B con M' determínanse as distancias en profundidade. Os puntos obtidos fúganse para completar a planta. Trázanse verticais, lévanse alturas sobre verticais A e B. Fúgase e remátase a construción do volume.

3. Realiza a perspectiva cónica oblicua da figura representada mediante a súa planta e alzado. Escala das vistas diédricas 1/200. Escala de realización da perspectiva 1/100.



Na planta do obxecto calcúlanse sobre PC a posición de P, os puntos de fuga e puntos métricos. Multiplícanse as medidas das vistas diédricas por 2 para pasalas á perspectiva. Trázanse LH e LT separadas por unha distancia h . sitúase sobre LH o punto P e os puntos de fuga e métricos F_1 , F_2 , M_1 e M_2 . Sitúase P_1 sobre LT e márcase a posición de A (vértice da planta do obxecto en contacto co PC). Debúxase a planta en perspectiva fugando liñas e levando as distancias aos medidores. Lévanse alturas sobre a vertical de A e fúgase. A liña fugada desde B determina a altura total na parte posterior da figura.